

Arousa

Moraña obvia a recomendación do Valedor sobre as antenas

Os afectados anuncian medidas e o Concello di que as instalacións son legais

Cristina Barral 5/3/2009

O Concello de Moraña non atenderá a recomendación que o Valedor do Pobo o trasladou o pasado 9 de setembro en relación coa queixa veciñal que tramita pola instalación de varias antenas de telefonía móbil e un transformador no centro urbano. A institución que dirixe Benigno López suxerira ao Concello o inicio dun expediente de reposición da legalidade, que se deduce da ausencia de licenza de actividade e funcionamento destas antenas.

En outubro, o equipo de goberno reiterou ao Valedor o que xa expuxera nunha comunicación de xullo. A Administración local entende que non é necesario tramitar os expedientes recomendados xa que as antenas contan coa correspondente licenza de obras. Ademais, engade que na actualidade estas instalacións non están suxeitas ao Decreto 133/2008, do 12 de xuño, da Consellería de Medio Ambiente polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

Os afectados polas antenas, que desde fai meses contan co respaldo e asesoramento da Asociación Pola Defensa da Ría (APDR), cuestionaron onte o proceder municipal neste asunto e anunciaron que tomarán as medidas oportunas tras a confirmación da «ilegalidade». Neste sentido, reiteraron que defenden un regulamento que afaste as antenas de zonas residenciais e sensibles ante a resolución do Parlamento Europeo do pasado 4 de setembro, que «recoñece que hai que cambiar vos límites de protección actuais porque non son seguros para garantir a saúde». O colectivo de afectados que encabeza Beatriz Diz, veciña do Buelo, aludiu onte aos consellos da Axencia Europea de Medio Ambiente e ao Informe Bioiniciativa, xunto aos distintos estudos epidemiolóxicos que asocian maior incidencia de cancro nas proximidades das antenas.

Os veciños engadiron que o Valedor, tras esgotar todos os trámites posibles fará mención crítica no seu informe anual ao Parlamento cos nomes das autoridades/funcionarios que persisten nunha «actitude de ilegalidade, entendendo que era posible unha solución positiva». Pola súa banda, o goberno local do PSOE considera o caso pechado, descartando o expediente de reposición da legalidade, que levaría indemnizacións ás empresas de telefonía. No entanto, o posible erro administrativo poderíase emendar coa tramitación dunha licenza de actividade.

Descargado da Web o 05.03.09:

<http://www.vieiros.com/nova/72545/o-concello-de-morana-manten-a-ilegalidade-das-antenas-de-tlfnia-mobil>



05-03-09

REXEITAN AS RECOMENDACIÓNS DO VALEDOR DO POBO.

O Concello de Moraña mantén a ilegalidade das antenas de tlfnía móbil

OS AFECTADOS DE MORAÑA foron informados recentemente polo Valedor do Pobo do rexeitamento do alcalde de Moraña ás súas recomendacións pola ilegalidade das antenas de telefonía móbil.

Asociación pola Defensa da Ría (APDR) - 09:58 05/03/2009

Tags:

O Valedor do Pobo xa confirmou na recomendación do 09.09-08 a "ausencia de licenza de actividade e funcionamento das antenas de telefonía móbil obxecto da presente queixa", licenza obrigatoria para tódolos concellos por ser unha actividade PERIGOSA, aplicando o RAMINP ou, no seu caso, o Decreto autonómico 133/2008, de 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental.

O Valedor do pobo tras esgotar tódolos trámites posibles fará mención crítica no seu informe anual ao Parlamento cos nomes das autoridades / funcionarios que persisten na actitude de ilegalidade entendendo "que era posible unha solución positiva".

O colectivo de persoas afectadas de Moraña, tomarán as medidas oportunas trala confirmación de ilegalidade e seguirán a defender un regulamento que afaste as antenas de zonas residenciais e sensíbeis ante a RESOLUCIÓN DO PARLAMENTO EUROPEO de 4 de setembro de 2008 que recoñece que hai que cambiar os LÍMITES DE PROTECCIÓN ACTUAIS PORQUE NON SON SEGUROS PARA GARANTIR A SAÚDE (segundo os consellos da Axencia Europea de Medio Ambiente e o Informe Bioiniciativa), e os distintos estudos epidemiolóxicos que asocian maior incidencia de cancro nas proximidades das antenas.

Enlaces a ANEXOS:

Comunicación do Valedor do Pobo aos afectados de Moraña sobre o arquivo de expediente:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/MORANA/Valedor_do_Pobo_ao_Concello_de_Morana.Remate_expediente.pdf

Resolución do Parlamento Europeo:

[http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%C3%B3n_%20Parlamento_%20Europeo_\(Bioinitiative\).pdf](http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Resoluci%C3%B3n_%20Parlamento_%20Europeo_(Bioinitiative).pdf)

Declaración da Axencia Europea de Medio Ambiente:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/Documentos/Investigacion/Declaraci%C3%B3n_AEMA_apoio_Bioinitiative.pdf

Informe Bioiniciativa:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Informe_Bioinitiative

Estudos epidemiolóxicos e antenas:

http://www.apdr.info/electrocontaminacion/telef_mov_investigacions.htm#Estudos_epi_demioloxicos_e_antenas

<http://www.apdr.info/>